



ACORDO DE CUSTODIA DA COLONIA DE MORCEGOS DE ...

Reunidos en _____, o día __ de __ de 201__

Por unha parte D. ..., con DNI ..., como ... , con enderezo en ...

E por outra D. Francisco J. Lamas Antón, con DNI 32662647Y, presidente da asociación DROSERA para o estudo e conservación do medio natural, con CIF G27316603 e domicilio social no Poboado Magdalena, portal G2, 2º esquerda, C.P. 15320 de As Pontes (A Coruña)

EXPOÑEN QUE:

1. D. ... é propietario da casa situada no nº XX de ...
2. Ambos son coñecedores de que dita casa alberga unha interesante colonia de morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*) e do carácter de especie protexida deste.
3. Drosera ten entre os seus fins o estudo e conservación do medio natural e conta cun grupo de traballo especializado en morcegos, así como un proxecto de conservación dos seus refuxios.
4. D. ...(propietario) ten a vontade de facer compatible o uso da casa coa presenza dos morcegos na mesma, adoptando para elo as medidas que foran precisas, contribuíndo así ao mantemento das poboacións de morcegos en Galicia.

ACORDAN QUE:

Primeiro. Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases para a conservación da colonia de morcegos que utiliza como refuxio a casa

Segundo. Compromisos da propiedade

Polo presente acordo o propietario comprométese a:

1. Non adoptar ningunha medida que implique a morte ou molestia dos morcegos, ou que impida a súa entrada ou saída do refuxio.
2. Non realizar obras, tratamentos químicos ou calquera actuación que puidera afectar aos morcegos sen comunicalo previamente a Drosera, con antelación suficiente para facer unha avaliación do impacto da mesma sobre a colonia e tomar, conxuntamente, as medidas adecuadas para minimiza-las molestias á colonia.



3. De facerse obrigado o desaloxo de parte ou da totalidade da colonia, farase dacordo coas recomendacións e coa previa autorización do órgano competente da Xunta de Galicia.

Terceiro. Compromisos da entidade de custodia (Drosera)

Polo presente acordo, Drosera comprométese a:

1. Realizar e entregar ó propietario un informe de seguemento anual da colonia que permita coñecer a evolución da mesma, así como calquera outra información sobre morcegos que o propietario demandase.
2. Asesorar ó propietario no referente á colonia de morcegos e en todo aquilo que puidera derivar da existencia da mesma.

Cuarto. Acceso á colonia

A propiedade permitirá o acceso á colonia ás persoas designadas por Drosera co obxecto de facer o seguemento dos compromisos incluídos neste acordo, no xeito e tempos pactados previamente por ambas partes.

Quinto. Difusión do acordo

Durante a vixencia do presente acordo ambas partes farán difusión pública da existencia do mesmo, facéndose mútuo recoñecemento.

Dado o estatus de especies protexidas da especie que compón a colonia, Drosera porá en coñecemento do órgano competente da Xunta de Galicia a existencia da colonia e a firma do presente acordo.

Sexto. Duración

O presente acordo terá unha duración de 10 anos, ao término dos cales se revisará e decidirá sobre a continuación do mesmo, de non darse con anterioridade algunha das circunstancias enumeradas no punto sétimo.

Sétimo. Finalización do acordo

O acordo considerarase extinto no caso da desaparición total da colonia durante un periodo de 2 anos consecutivos, ou de producirse actuacións na casa que impliquen o desaloxo dos morcegos.

No caso de incumprimento dos compromisos adquiridos por algunha das dúas partes ou de calquera conflito que puidera xurdir, a outra parte poderá solicitar a finalización do presente acordo. De consideralo oportuno, poderase solicitar a mediación de persoas ou entidades consensuadas por ambas partes.



De non existir vontade ou posibilidade por algunha das partes de manter o acordo, comunicarase á outra parte indicando os motivos oportunos e decidirase, en reunión de ambas partes, a extinción do mesmo.

En _____, a __ de __ de 201__.

D. (propietario)
Propietario

D. Francisco J. Lamas Antón
Presidente de Drosera